

VIII CIDS 2026

Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística *Cartografías da lingua: variación, contacto e planificación*

Primeira Circular

Temos o pracer de anunciar a celebración do VIII Congreso Internacional de Dialectoloxía e Sociolingüística (CIDS 2026), organizado polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela en parceria co Projeto do Atlas Lingüístico do Brasil (<https://alib.ufba.br/cids>). O encontro, que terá lugar en Santiago de Compostela do 13 ao 16 de xullo de 2026, pretende ser un espazo de intercambio e reflexión sobre a diversidade lingüística, a variación dialectal e as dinámicas sociolingüísticas, en contextos actuais e históricos.

Nesta edición, que presentamos baixo o título *Cartografías da lingua: variación, contacto e planificación*, prestarase unha atención especial aos procesos de variación nas situacións de contacto lingüístico e ás estratexias de planificación e xestión da diversidade lingüística, tanto desde perspectivas empíricas coma teóricas, e en diferentes contextos xeográficos e temporais. Por outra banda, son especialmente benvidas neste congreso as contribucións sobre linguas minorizadas.

Eixes temáticos

- Xeolingüística e variación dialectal
- Variación e contacto lingüístico
- Atlas dialectais e corpus orais
- Metodoloxías e recursos para o estudo da variación
- Diversidade lingüística e ensino
- Lingua, identidade e sociedade
- Sociolingüística e contacto de linguas
- Políticas lingüísticas e planificación
- Outros temas vinculados coa dialectoloxía e a sociolingüística

Modalidades de participación

- Comunicacóns (20' + 10'). Só se aceptarán 2 propostas por persoa como máximo, sexan individuais ou en coautoría.
- Paneis: entre 3 e 4 comunicacóns coordinadas. Trátase dun bloque de comunicacóns (20' + 10' cada unha), presentadas baixo a coordinación expresa dunha ou dúas das persoas participantes, en que se aborda con enfoques complementarios o estudo dunha cuestión relacionada coas anteriores liñas temáticas.
- Pósteres (con defensa presencial) relacionados coas liñas temáticas do congreso.

Presentación de propostas

As persoas interesadas deberán enviar un resumo (máx. 300 palabras, bibliografía non incluída), indicando título, autoría, correo electrónico, filiación e eixe temático, antes do 15 de novembro de 2025 (na próxima circular indicarse o método de envío). As propostas serán avaliadas polo Comité Científico e outras persoas expertas convidadas. A notificación de aceptación realizarase antes do 15 de xaneiro de 2025.

Para os paneis, a proposta deberá incluír o nome da persoa coordinadora e dos restantes membros, así como un resumo do panel e de cada unha das comunicacóns; o panel será avaliado en conxunto, non por comunicacóns individuais.

Inscripción e información adicional

En próximas comunicacóns informarase sobre o proceso de envío de propostas, inscrición, taxas, hospedaxe, actividades complementarias e a relación de persoas homenaxeadas nesta edición.

Agradecemos a vosa colaboración na difusión do encontro. Para calquera dúbida, podedes contactar co Comité Organizador en cids8.congreso@usc.gal.

Comité organizador

Rosario Álvarez Blanco (Universidade de Santiago de Compostela) - Presidencia

Xulio Sousa (Universidade de Santiago de Compostela) - Secretaría

María Álvarez de la Granja (Universidade de Santiago de Compostela)

Marilúcia Barros de Oliveira (Universidade Federal do Pará)

Fernando Brissos (Universidade de Lisboa)

Regiane Coelho Pereira Reis (Universidade Federal de Mato Grosso do Sul)

Valter Pereira Romano (Universidade Federal de Santa Catarina)

Lucía Doval Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica

Francisco Dubert García (Universidade de Santiago de Compostela)

Noelia Estévez Rionegro (Universidade de Santiago de Compostela)

Elisa Fernández Rei (Universidade de Santiago de Compostela)

Marcela Moura Torres Paim (Universidade Federal Rural de Pernambuco)

Marta Negro Romero (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica

Montserrat Recalde Fernández (Universidade de Santiago de Compostela)

Reyes Rodríguez Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela) – Secretaría técnica

Será un pracer poder contar coa vosa presenza no VIII CIDS 2026